



CONCELLO DE
SANTIAGO

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1210A4	<i>Expediente</i> CON/56/2017	<i>Fecha</i> 23-02-18 14:24

Sello o Certificación Mecánica

Número 21 .- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á adxudicación do contrato de "obras de repavimentación da avenida de Vilagarcía entre as avenidas de Rosalía de Castro e Romero Donallo (obras incluídas no Plan DTC 93: UNHA DEPUTACION PARA TODOS OS CONCELLOS).

Destinatario

15078DCMG1210A4C



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 23 de febreiro de 2018 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 21 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO RURAL, MANTEMENTO E OBRAS PARA O EQUILIBRIO TERRITORIAL RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE "OBRAS DE REPAVIMENTACIÓN DA AVENIDA DE VILAGARCÍA ENTRE AS AVENIDAS DE ROSALÍA DE CASTRO E ROMERO DONALLO (OBRAS INCLUÍDAS NO PLAN DTC 93: UNHA DEPUTACION PARA TODOS OS CONCELLOS).

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 9 de febreiro de 2018, do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial. Así mesmo, do informe favorable de Intervención, número 55 de data 19.2.18

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"Peña Vidal, concelleiro delegado de medio rural, mantemento e obras para o equilibrio territorial, e presidente da mesa de contratación da licitación "Obras de repavimentación da avenida de Vilagarcía entre as avenidas de Rosalía de Castro e Romero Donallo (Obras incluídas no Plan DTC 93: UNHA DEPUTACION PARA TODOS OS CONCELLOS)", consonte ós termos establecidos no artigo 320 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 28/06/2017,

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1210A4	<i>Expediente</i> CON/56/2017	<i>Fecha</i> 23-02-18 14:24

EXPÓN:

Primeiro: Con data 23 de xaneiro de 2018, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador SYR-AMG SLU.

Segundo: Con data 8 de febreiro, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e consonte ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

PRIMEIRO: Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas HORDESCON SL e EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA, por non xustificar debidamente a consideración das súas condicións económicas como valores anormais ou desproporcionados

SEGUNDO: Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa SYR-AMG SLU (CIF: B15938780), por un importe de **282.399,08 euros** (IVE aparte 21%: 59.303,81 euros), ó ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Desígnase como técnico municipal director- responsable do contrato a D. Diego Briega Argomániz, arquitecto municipal.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 050 15320 61900 (2014 2 DTC93 62)."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

PRIMEIRO: Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas HORDESCON SL e EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA, por non xustificar debidamente a consideración das súas condicións económicas como valores anormais ou desproporcionados

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1210A4	<i>Expediente</i> CON/56/2017	<i>Fecha</i> 23-02-18 14:24

SEGUNDO: Adxudicar o contrato de "Obras de repavimentación da avenida de Vilagarcía entre as avenidas de Rosalía de Castro e Romero Donallo (Obras incluídas no Plan DTC 93: UNHA DEPUTACION PARA TODOS OS CONCELLOS)", a favor da empresa SYR-AMG SLU (CIF: B15938780), por un importe de 282.399,08 euros (IVE aparte 21%: 59.303,81 euros), ao ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Desígnase como técnico municipal director-responsable do contrato a D. Diego Briega Argomániz, arquitecto municipal.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 050 15320 61900 (2014 2 DTC93 62).

O CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández

